

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO
EXTRAORDINARIA-URXENTE DO14 DE AGOSTO DE 2009**

3.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do Plan de Formación Continua do Concello.

Acórdase modificar o curso "Xestión, inspección e recadación de tributos", incrementando en 16 horas a duración de cada unha das edicións previstas, en en 2.969 euros o orzamento total da actividade formativa. Igualmente, incorpórase o curso "Protección fronte ao ruído ambiental. Inicial e avanzado". Finalmente, modifícase o orzamento total do Plan de Formación Continua 2009, resultando un orzamento total de 152.607,61 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á renovación do nomeamento ao persoal interino da oficina de Rehabilitación.

Acórdase a prórroga do nomeamento de catro empregados ata o 31 de decembro de 2009, prorogable durante a vixencia do programa ao que prestan servizo (Programa plurianual de axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas da Cidade Histórica), é dicir, ata o 31 de decembro de 2011.

5.- Adxudicación definitiva das obras de adecuación exterior da parcela onde se esta á construír o edificio destinado a Escola Infantil no Polígono do Tambre.

Elévase a definitiva a adxudicación á empresa OVIGA, S.L, por importe de 70.000 euros máis IVE.

6.- Adxudicación Provisional das Obras de acondicionamento de parcela para campo da festa en Verdía.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L, por importe de 86.100 euros máis IVE.

7.- Adxudicación Provisional das Obras de renovación de cuberta do corpo que contén a sala Angel Brage no Auditorio de Galicia.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa APLICANOR S.L.U, por importe de 120.831,95 euros máis IVE.

8.- Adxudicación Provisional das Obras de acondicionamento e posta en valor para o uso público da área natural da "SELVA NEGRA".

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa INGENIERÍA MEDIOAMBIENTAL DE GALICIA (IMEGA), S.A, por importe de 199.100 euros máis IVE.

9.- Adxudicación definitiva das obras de albanelería, pintura e carpintería a realizar nos CEIP e escolas rurais dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito contrato á empresa COECISA, S.L, por importe de 104.706,85 euros.

10.- Adxudicación Provisional das Obras incluídas no proxecto constructivo para a optimización da circulación viaria no Polígono Industrial do TAMBRE.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L, por importe de 102.900 euros máis IVE.

11.- Adxudicación Provisional do Servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel e As Cancelas e nos Polideportivos de Pontepedriña e Lorenzo de la Torre ata 31-12-2009.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa EVENTOS GÜI 1000, S.L, por importe de 55.127 euros máis IVE.

12.- Adxudicación Provisional do contrato de Servizo de mantemento dos sistemas de seguridade en centros educativos dependentes do Concello de Santiago.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L, por importe de 11.446 euros/ano máis IVE e un prazo de execución de dous anos.

13.- Adxudicación Provisional do Servizo de Redacción de proxecto básico e de execución das obras de construción dunha Escola Infantil en Salgueiriños.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, S.L.P, por importe de 36.590 euros máis IVE.

14.- Adxudicación do Servizo de realización de estudos valorativos das ofertas presentadas á licitación das Obras de Reurbanización de contornos urbanos de acceso á cidade (AVDA. CASTELAO).

Adxudícanse os devanditos traballos á empresa ICEACSA, por importe de 16.481,50 euros máis IVE.

15.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto básico e executivo de Reforma Interior das dependencias da Policía Local.

Apróbase o proxecto, redactado por ARQUITAV ARQUITECTOS SLP, e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 129.310,34 euros máis IVE.